

# Proxecto Comedor



Silvia Piñeiro Rodríguez  
Beatriz Otero Solla  
María Jesús Calviño  
CEIPP ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO  
VILARIÑO-CAMBADOS  
CURSO 2016-2017

## A.- INTRODUCCIÓN

O noso centro, o CEIPP Enrique Barreiro Piñeiro, estreou no presente curso o servizo de **comedor**.

Este fito acadouse grazas á **implicación activa de toda a comunidade escolar**: equipo directivo, claustro, familias e Concello.

Foi un longo proceso de sondeos, negociacións, acordos, busca de recursos, obras... que non parou de xerar novas nos medios locais e un constante “runrún” no lugar, na escola... e na nosa aula de **2º de Educación Primaria**.

O **interese** pola novidade non rematou cando as/os usuarias/os por fin sentaron á mesa: estas/es tiñan moitas cousas que contar e o alumnado que non empregaba o comedor moitas preguntas que facer.

O comedor está situado no ecuador da ruta entre a nosa aula e o baño. Moitas veces ás saídas para “facér pis” alongábanse preocupantemente. Déronse varios casos de “exploracións clandestinas” do misterioso espazo.

Tamén na hora da saída, moitas nenas e nenos que marchan para casa facían unha parada na porta do comedor e asomaban o nariz a ver como era aquilo.

Aínda que o comedor non era o tema escollido para o proxecto de Centro deste curso, pensamos que non podíamos pasar por alto esta curiosidade e interese e decidimos canalizalos nun **proxecto de investigación de aula**.

Polo tanto, foi un proxecto que **naceu do inesperado** e, como iremos vendo, foise **abrindo ao inesperado**.

As mestras fomos da man das propostas do alumnado, tentando sempre deseñar **actividades significativas que fomentaran a autonomía persoal, o traballo colaborativo e a mellora das competencias clave**.

O **papel da biblioteca** neste proxecto foi fundamental como exporemos no **punto L**.

Nos seguintes puntos trataremos de expoñer o noso proxecto, enlazando novas e actividades co seu aloxamento no blog da biblioteca.

## B.- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA.

Como xa referimos na introdución, o proxecto nace do interese e curiosidade do alumnado por saber máis cousas do comedor e de todas as novidades relacionadas con el: persoal, rutinas, actividades, de onde vén a comida, textos (menús, comunicados, novas, normas...).

A medida que unhas preguntas atopaban resposta nacían outras novas.

E así estivemos moi atarefadas/os dende outubro ata xuño con distintas actividades de investigación, elaboración de materiais e publicacións e exposicións.

## C.- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

O motor do proxecto foron as preguntas e debates que xurdían na aula. As mestras tentamos canalizar esas ansias de saber en actividades de investigación cuxos resultados recolléronse en distintos documentos.

Tratamos que fosen ricos, contextualizados e variados na súa tipoloxía textual, empregando un enfoque metodolóxico que fomentara o traballo colaborativo e a autonomía persoal.

A liña temporal do proxecto, o punto de partida de cada actividade, a súa motivación e a tipoloxía textual traballada recóllense na seguinte táboa:

|                   | Tarefa 1          | Tarefa 2                                                                 | Tarefa 3                            | Tarefa 4                                 | Tarefa 5                            | Tarefa 6                         |
|-------------------|-------------------|--------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|------------------------------------------|-------------------------------------|----------------------------------|
| Que pasou?        | Estreamos comedor | Hai unhas novas normas de uso                                            | Unha nova persoa traballa no centro | Na clase hai alumnado usuario do comedor | O comedor é un servizo á comunidade | O menú mensual chega á nosa aula |
| Que queremos?     | Compartilo        | Entendelas, compartilas, traducilas a inglés (somos un cole plurilingüe) | Saber máis del                      | Saber a súa opinión                      | Saber a súa opinión                 | Saber se é variado e axeitado    |
| Tipoloxía textual | Nova              | Decálogo                                                                 | Entrevista                          | Rolda de prensa                          | Enquisa                             | Táboas e gráficas                |

|                   | Tarefa 7                                         | Tarefa 8                                          | Tarefa 9                                                                                 | Tarefa 10                                                                   | Tarefa 11                                                          | Tarefa 12                                                            |
|-------------------|--------------------------------------------------|---------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|
| Que pasou?        | Comprobamos que hai pratos que botamos en falta. | Recollemos que hai aspectos a mellorar no servizo | A empresa de cátering é unha grande protagonista do noso proxecto e está fóra do colexio | Aprendemos que a hixiene de mans é fundamental na manipulación de alimentos | Recollemos unha grande cantidade de información nas investigacións | A fotonovela estaba lista e a investigación rematada por este curso. |
| Que queremos?     | Propoñerllos ao cátering.                        | Expoñerllo a quen corresponda                     | Visitala e investigar como funciona                                                      | Ensinar a asearse correctamente                                             | Compartila                                                         | Presentalas                                                          |
| Tipoloxía textual | Receita                                          | Listado de propostas de mellora                   | Correos electrónicos, whatsapps, mapas, apuntamentos                                     | Texto instructivo, guión (videotutorial)                                    | Fotonovela, autodescrición                                         | Exposición                                                           |

#### D.- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

O grupo de 2º atopou neste curso moitas novidades máis alá do propio comedor: o traballo por proxectos, a mellora da competencia lingüística a través de actividades significativas con distintas tipoloxías textuais, o ensino entre iguais, o traballo colaborativo, o emprego de distintos equipos (ordenadores, ipads, gravadoras, auriculares...).

Por parte das mestras buscouse que nestas aprendizaxes houbo un equilibrio entre o papel de guía das propias docentes e un espazo-tempo de aprendizaxe autónomo (individual-parella-equipo).

Á hora de traballar os textos, nalgúns casos empregáronse outros de referencia para analizar as súas partes e funcionalidades e iso foi suficiente para comprender a súa dinámica e poder elaborar uns propios. Noutros casos, debido á súa complexidade, tamén se elaboraron manuais (a fotonovela, por exemplo).



Na parede da clase fomos elaborando un **mural** no que se recolleron todas as tipoloxías traballadas e as súas características, o que nos serviu de **recordatorio e guía** durante todo o curso.

A mesma filosofía se aplicou para as aprendizaxes “técnicas” ou “instrumentais”. Algunhas foron máis **experimentais, vivenciais** (gravación de vídeos: roles dos equipos técnicos, manexo de aparellos...), para outras máis complexas, como o emprego do procesador de textos elaboramos manuais de apoio.



## E.- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROCESO POLO ALUMNADO

Esta relación está recollida en dous dos documentos adxuntos: [a presentación do proxecto](#) e [a fotonovela](#).

### TAREFA 1: BOLETÍN DE NOVAS DA BIBLIOTECA

O comedor estivo xerando un bo feixe de novas nos medios locais e decidimos escribir as nosas propias e difundilas no blog da biblioteca.

Comezamos cunhas pequenas notas a principio de curso, como a [do comezo do comedor](#).

A medida que foi avanzando o curso, analizamos as características formais e funcionais das partes da nova e fomos escribindo novas máis elaboradas cun formato de [boletín](#) ou de nova de [xornal dixital](#).



### TAREFA 2: DECÁLOGO DAS NORMAS DO COMEDOR. TRADUCIÓN Á LINGUA INGLESA.

Na parede do comedor apareceu un póster cun decálogo de normas de bo uso. Lémo-lo, analizamos como estaba escrito (frases breves, claras) e, coa axuda da teacher, traducímo-las á lingua inglesa. Así contribuímos á elaboración da cartelería nese idioma que se está a colocar polo centro.



### TAREFA 3: ENTREVISTA A SERGIO.

Sergio foi o primeiro monitor do comedor que tivemos este ano. A súa simpatía e amabilidade, o trato co alumnado e o cariño que lle puña ao seu traballo non deixou indiferente a ninguén. As/os usuarias/os do comedor falaban acotío del e a clase quería saber máis.

Descubrimos que hai un tipo de texto para rexoubear elegantemente: a entrevista. Vimos algunhas en vídeos, webs, xornais e revistas e empezamos a elaborar as nosas preguntas.





Clasificáronse por temas: a súa vida, o seu traballo, as súas afeccións ... e tamén decatáronse que hai preguntas demasiado persoais que non convén facer nunha investigación “seria”. Non veñen ao caso.

Gravamos a entrevista en vídeo, repartíronse os roles: entrevistadores, equipo técnico, público. Vimos a función e as rutinas de cada rol.

Daquela aínda non tiñamos gravadora de audio e o son foi bastante malo, aínda así, [subímolao ao blog](#).

Repasamos a gravación, tiramos os datos que máis lles chamaron a atención e a redactaron para [o boletín de novas](#).

A mediados de curso Sergio marchou (é un mestre excelente ao que lle saíu unha substitución). Alegrámonos por el e polas nosas aprendizaxes, pois seguimos en contacto por medio de video mensaxes e mensaxes curtas. E había que aprender a facelo (ben).

#### TAREFA 4: ROLDA DE PRENSA ÁS/AOS USUARIAS/OS DO COMEDOR.

Na clase hai usuarias/os do comedor e non todo o mundo estaba de acordo nas súas valoracións: había á quen lle gustaba máis e a quen menos.

Como xa estaban con esta febre xornalística que ata xogaban ás entrevistas no recreo, querían facerlle unha a cada usuaria/o para saber a súa opinión e ver quen gañaba: se os que pensaban que se comía xenial ou os que pensaban que era unha porcallada.

Estivemos debatendo e vimos que non era moi funcional entrevistar un por un, polo que as mestras suxerimos outro formato: a rolda de prensa. Varias/os entrevistadoras/es e entrevistadas/os a un tempo.

A nosa rolda de prensa non foi moi ortodoxa porque non houbo unha declaración inicial, senón directamente unha quenda de preguntas.

A preparación foi semellante á da entrevista a Sergio: chuvia de ideas de preguntas, escoller as máis acaídas, clasificalas por temas e pasalas a limpo.

Estivemos vendo diferentes medios de comunicación: prensa escrita, radio, televisión, webs e coñecemos os seus nomes. Inventamos medios e canles novos (Os 40 da Modia, A Voz de Vilariño, Discovery Sineiro....).

Establecemos unha rutina á hora de entrevistar: saudar, presentarse, nomear ao medio que representaba e facer a pregunta. Foi todo moi divertido e profesional.

Elixiron a un neno ou nena de cada curso que fose usuaria/o do comedor e convidáronnos a participar na mesa. (Aí, se cadra, é onde fallou a planificación. Non fixemos ningún previo coas/os entrevistadas/os e se atoparon algo “cortadas/os” ante tal despliegue no momento mesmo da rolda).

Tamén a gravamos, pero desta volta o sonido era tan desastroso que non a subimos. Maquetamos unha pequeniña mostra que está inserta na presentación que se adxunta nos anexos.



Repasamos a gravación, recolleamos as respostas, redactamos un resumo e [publicámolo no blog](#)

## TAREFA 5: ENQUISA ÁS FAMILIAS.

As familias estiveron activamente implicadas na consecución do comedor. Para elas é un servizo importante porque facilita a conciliación (que a conciliación familiar e laboral se solventa simplemente a base de que nenos e nenas pasen media vida na escola e non mellorando as condicións laborais é un debate urxente que non cabe nas catorce páxinas desta memoria.)

Están contentas? Dá o comedor o servizo esperado?

- Hai que preguntarlles tamén. - Pero as familias están nas súas casas, como facemos para que veñan?- E non sería máis doado mandarlles as preguntas e que logo reenviaran as respostas?- Pois si, é máis doado e xa existe. Chámase enquisa.

Revisamos enquisas, vimos que hai diferentes tipos de preguntas e xeitos de contestar: respostas directas que se escriben, outras nas que temos diferentes opcións: si/non, escalas numeradas, escalas graduais (mal/regular/ben/moi ben)...

Elaboramos a nosa propia e, cando xa estivo lista, tiñamos que facer copias e entregalas.

-E cantas temos que facer? -Pois non sabemos. -Cantos nenos e nenas van ao comedor? - Pero non entregaremos unha por neno, porque hai irmáns que van ao comedor!. -Daremos unha por familia, non?. -E cantas familias son? -Pois moi doado, imos ao comedor e contamos cantos nenos e nenas hai e descontamos aos irmáns. -Pero non todas as nenas e nenos van tódolos días ao comedor. -AGGGGGGG! - Como o podemos solucionar? Quen pode ter un listado de usuarias/os?? -O profe Alberto!!! (o xefe de estudos).

Despois de conseguir a ansiada lista coa colaboración do equipo directivo, foron clase por clase explicando as súas intencións, entregando as enquisas e pedíndolle ao profesorado que as recollera de volta e as entregase na nosa clase. Todo unha experiencia de falar en público, sobre todo nas clases das maiores.

Cando tivemos as respostas (colaboraron TODAS as familias), recollémolas en táboas e pasámolos a gráficas, coa correspondente explicación previa.

## TAREFA 6: ANÁLISE DO MENÚ.

Analizando os resultados das enquisas, vimos que algunhas familias se queixaban da falta de variedade no menú ou da pouca idoneidade dalgúns pratos (exceso de ensaladas en inverno, por exemplo) e abriuse outro debate: era certo? Xa tiñamos pensado ir de visita ao cáterin e levar propostas de mellora. Podíamos fiarnos da impresión das familias? Como saber se o que dicían algunhas delas era certo? Pois analizando tamén o menú.

¿CAL É A VOSA OPINIÓN SOBRE O COMEDOR?

Ola, somos a clase de segundo e estamos investigando sobre o comedor. Gustaríamos saber a vosa opinión e por eso vos pedimos que contestades ás seguintes preguntas.

**Motivos de uso**

¿Por que mandas ao teu fillo/a ao comedor?

☒ Por traballo.

☐ Porque logo vai a actividades no colé.

☐ Porque así aprende a comer máis.

☐ Para ler máis tempo para as súas tarefas.

☐ Outros: \_\_\_\_\_

**Comida**

¿Que opinas sobre o menú?


|                        | MOI BEN | BEN | REGULAR | MAI |
|------------------------|---------|-----|---------|-----|
| Calidade dos alimentos |         |     |         |     |
| Porción...             |         |     |         |     |
| Temperatura            |         |     |         |     |
| Variedade              |         |     |         |     |
| Costeúdo               |         |     |         |     |

¿Sabes a que hai de comer cada semana no comedor?

☒ si ☐ non

¿Ao teu fillo/a gústalle a comida?


☒ si ☐ non



Conseguimos os menús mensuais dende principios de curso ata o momento (febreiro). Elaboramos unhas táboas, que xa comprobamos que eran moi prácticas para ir recollendo os datos. A cada equipo lle tocaba un mes un mes, unha persoa ía lendo e os demais apuntando.

Comprobamos que si, que había primeiros pratos que se repetían moito, pero sobre todo.... as sobremesas!

E tamén que había outros pratos que apenas aparecían...



### TAREFA 7: RECEITAS DOS PRATOS QUE BOTAMOS EN FALTA.

A visita ao catering achegabase e queríamos que fose productiva. Tiñamos a idea de levarlles un informe con todas as nosas pesquisas e tamén unhas propostas de mellora ben fundamentadas.

Decidimos facer unhas receitas de pratos que queríamos que aparecieran no menú: si, efectivamente: tortilla, croquetas, xamón asado, empanada, lambonadas varias... que para iso Vilariño ten boa sonda de comedoríño.

Alá fomos á biblioteca a ver como eran as receitas formalmente. Vimos en varios libros elaboramos o noso propio modelo.

Cada alumna/o levou a plantilla a casa, onde a súa familia colaborou na redacción e elaboración da súa receita favorita de pratos esquecidos.



### TAREFA 8: PROPOSTAS DE MELLORA

Unha vez que recollemos a opinión de todas os grupos implicados no comedor, elaboramos un listado de propostas de mellora.

Como sempre, analizamos previamente como facelo, decidimos as características formais e funcionais do texto e elaboramos a nosa propia enumeración.

Decatáronse que todo o seu traballo tiña un impacto real e que podía contribuir na mellora do seu entorno.

### TAREFA 9: VISITA AO CÁTERING

O catering era un misterio (empezando pola palabra mesma, que a estas alturas aínda non estamos seguras de como se escribe correctamente). De aí ven a comida, os menús, os comunicados...

*Onde está? Como fan para que a comida chegue quente? Quen a fai? Quen decide o que se come cada día? Podemos ir aló? Con quen temos que falar?*

A estas alturas do proxecto o alumnado xa tiña claro que para conseguir as cousas, cando menos, hai que tentalo.

O primeiro paso era localizar a empresa? Como? Preguntándolle a Google.

Atopamos a web e, con ela, os datos de contacto. Despois de darnos un paseo por todos os recunchos da páxina, decidimos mandarlle un email.

Por equipos fixeron un borrador de mensaxe. Entre todos redactamos unha coas ideas que máis nos gustaron.

[Intercambiamos varios correos](#) con Sonia, administrativa da empresa que merece mención aparte pola súa implicación no proxecto.

Trazamos a ruta co axuda da aplicación “Google Maps” para calcular a distancia e o tempo que nos levaría e poder fixar unha hora para a cita que fose posible. Tamén estudamos o percorrimos e vimos puntos de interese polos que íamos pasar co autobús (a cidade de Pontevedra, a ponte de Rande...).

Recopilamos todos os pequenos produtos finais xerados ata o momento e con eles elaboramos un informe para entregar alí. Preparamos unha pequena presentación oral para o momento da entrega.

Organizamos pequenos equipos para recoller información: tomando notas en cadernos e gravando e sacando fotos cos ipads.

[E alá fomos.](#)


A visita estivo marabillosamente preparada polas traballadoras do cátering. Ensináronnos todos os espazos, explicáronnos todos os procesos. Tiveron unha paciencia infinita coas preguntas das/os investigadoras/os e tratáronnos con imenso cariño.

Dende o primeiro momento tomaron moi en serio o proxecto de investigación e escoitaron a exposición e recolleron as propostas de mellora coa solemnidade que merecía. Prometeron estudalas e respostar.

Cumpliron a súa palabra, unhas semanas despois recibimos un correo electrónico argumentando as respostas a cada petición.

A máis importante: que autorizaban a non tirar a comida sobranste. A nosa idea era compostala para obter abono.

**Outra mellora para o noso entorno.**





### TAREFA 10: VIDEOTUTORIAL: COMO LAVAR AS MANS CORRECTAMENTE

Durante a visita ao cátering coñecemos a Marta e con ela un unha palabra que descoñeciamos: bromatóloga.

A súa función no proceso era controlar, entre outras cousas, a hixiene de mans das manipuladoras de alimentos.

Fíxolle un cultivo aos nenos e nenas mentres estaban cociñando (antes de comezar coa tarefa, lavaran as mans con xabón. Polo que estaban convencidas/os que todo era correcto).

A sorpresa veu semanas despois cando Marta enviou os resultados, tal e como prometera.

A case todos deulle positivo.

Debates un pouco sobre que podía ter acontecido para que o resultado fose ese. A conclusión era evidente: non sabiamos lavar as mans correctamente.

Como xa fixeramos algún videotutorial na biblioteca para formación de usuarias/os, propuxeron facer outro para isto.

Buscamos en internet carteis explicativos. Fixemos un guión. O texto debía ser claro, breve, instrutivo.

Como todo o mundo quería participar, fixemos varios grupos e repartimos roles: actores e actrices, director/a, claqueta e cámara. Como non tiñamos gravadora (aínda!) a claqueta non tiña ningunha función real, pero facíalles ilusión usala.

Ao gravar no baño, o son era malísimo... non o subimos ao blog, pero tivo moita repercusión igualmente. Proxectáronllo e explicáronlle a súa importancia a outros grupos do cole para que o tiveran en conta antes das súas actividades de cociña.

#### **Outra utilidade real do seu traballo para mellorar o entorno.**


Cando POR FIN! mercamos a gravadora de son, repetimos todo o proceso. Aprenderon os roles técnicos e as rutinas.

Non nos deu tempo a editalos porque xa estabamos na tolemia de fin de curso, pero en breve subirémolos ao blog.

O alumnado desquitouse de tan longa espera. Dende que temo|s o equipo completo, non hai un evento no cole que non graven. Sonido! Cámara! Claqueta! Acción!

### TAREFA 11: A FOTONOVELA.

Ao regreso da viaxe ao cátering, tiñamos follas e follas de apuntes, centos de fotos e ducias de vídeos. Como explicarlle a todo o mundo a viaxe tan alucinante que acababamos de realizar?



Decidímonos pola fotonovela por varias razóns: na programación, entre os textos seleccionados para traballar neste curso estaba o cómic pero, se cadra pola propia limitación técnica das mestras co debuxo, aínda non tiñamos claro como abordalo, como contextualizalo e fomos aparcándoo...

Agora tiñamos unha historia que o alumnado dominaba (elas/es mesmas/es protagonizábana), que tiña unha liña temporal perfectamente definida..., contabamos con centos de imaxes como soporte gráfico desa historia...

Chegara o momento de lanzarse. Claro que aínda así non era doado: había moitas cousas que aprender: a voz do/a narradora e dos personaxes, o fío narrativo, os diálogos, os propios elementos da fotonovela e comúns coa banda deseñada (cartelas, globos, viñetas....). Por non falar planos e encadres das imaxes.... Nenas e nenos de segundo de Primaria...

Pero estamos convencidas de que nenos e nenas, en xeral, teñen adquiridas moitas aprendizaxes de maneira natural que ás veces non temos en conta. Algunhas veces pensamos que o alumnado só aprende con nós e a través das nosas explicacións. E non.

Fixemos unha selección de banda deseñada e a subimos á biblioteca de aula. Durante unha semana empregámoslos na hora de ler. Sen máis explicación nin pretensión. Lectura pracenteira.

Preparamos unha presentación (ver anexos) moi sinxela sobre como facer a fotonovela. Cando a empregamos na clase, comprobamos que servíu principalmente para recordar e compilar ideas previas do alumnado e para axudar a poñerlle un nome a moitas cousas que xa coñecían.

O proceso da tarefa foi a seguinte:

En grande grupo fomos recordando as partes que tivo a visita e as fomos apuntando.

As mestras fixemos unha selección previa das fotografías para desbotar as de baixa calidade e as clasificamos según de que parte da visita eran.

O alumnado traballou por equipos. Cada un ía elaborando unha parte da visita. O seu kit de traballo era: unha folla borrador e un lápis para ir apuntando as ideas que querían contar, unha plantilla en tamaño din A3 coa silueta de seis viñetas, as fotos impresas da súa parte, folios para facer viñetas e cartelas, pegamento e tixeiras.

Primeiro apuntaban as ideas (*chegamos onde limpan os alimentos frescos, había tres mesas....*), logo escollían entre todas as fotos da súa parte as máis acaídas para a narración, debatían se cada viñeta ía levar cartela, globo (e se este era de falar, de pensar, de berrar, de falar baixiño....), que texto ía en cada elemento, escribían... e así ían confeccionando o seu borrador.

A medida que ían acabando, as mestras íamos maquetándoo co programa COMIC LIFE. Despois repasábamolo entre todas/os na pantalla dixital e faciamos as correccións pertinentes,




Foi un longo proceso que non sempre foi doado. En ocasións fíxose complicado e agotador. Pero cando remataron de contar a visita, decidimos que o relato quedaba coxo e que había que contar o antes e o despois.

Como sinatura, fixemos un autorretrato e unha pequena autodescrición, unha frase escollida dunha descrición máis longa que trabamos ao rematar a fotonovela.

Editámola coa axuda económica da biblioteca e o equipo de dinamización lingüística.

Cada neno e nena ten o seu exemplar. Tamén forma parte do catálogo da biblioteca do cole e ten moito éxito!!

Está aloxada na rede, [aquí](#).



## TAREFA 12: PRESENTACIÓN DA FOTONOVELA/EXPOSICIÓN DO PROXECTO

Unha obra que requeríu tal esforzo e que quedou tan resultona, merecía una presentación “de verdade”. Na biblioteca.

Para preparala visionamos outras presentacións de compañeiras/os nas semanas culturais de anos pasados. Fomos recordando cada actividade e respondendo a tres preguntas: por que o fixemos?, como o fixemos? e que aprendemos?. Ordeamos as ideas e as redactamos con frases curtas e claras, escollemos fotos que explicaran ben o proceso e deseñamos as diapositivas. Repartimos as diapositivas en grupos e ensaiamos como explicalas. Tentamos aplicar todo o aprendido no curso sobre a maneira de falar, de colocar o corpo, onde mirar...

Enviamos invitacións a cada aula e [publicitamos a presentación no blog](#).

Unha das mestras e un “grupo de expertos” da clase de 5º fóronlles facendo preguntas e eles foron contestando. Tiñamos estruturadas as preguntas en 10 bloques. Cada bloque era contestado por unha parella.

Axudantes da biblioteca de 6º curso ocupáronse da parte técnica: gravación, micros, proxección de diapositivas.

Foi unha experiencia moi enriquecedora para eles (e para as profes) expoñer diante de todo o alumnado e profesorado. Foi o peche perfecto dun duro curso de traballo.



## F.- RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

**i.- Recursos humanos:** para a meirande parte das actividades aproveitamos a presenza de **dúas mestras na aula**, o que permitiu mellorar a atención ao alumnado, flexibilizar grupos, simultanear actividades...

Contamos coa total colaboración das familias, equipo directivo e claustro de mestras/es, persoal do cátering e os coidadores do comedor.

Tamén temos que nomear a Javier Prado e Silvia Pérez Madariaga, compañeiras/os mestras/es doutros centros que, como docentes do noso PFPP deste curso, servíronnos de inspiración e axuda. Estámoslles moi agradecidas.

## ii.- Recursos materiais:

**Equipos:** ordenadores, ipad's, cámaras de fotos, móbiles (os das mestras), impresoras, proxectores e pantallas, gravadoras de son, micrófonos, auriculares... tanto da aula como da biblioteca. Foron empregados polas mestras pero, sobre todo, polo alumnado.



**Fondos da biblioteca:** xornais, revistas, libros de cociña, mapas, libros de consulta, textos de referencia para analizar tipoloxías textuais, formación do profesorado...

**Recursos web:** blog da biblioteca, páxinas de consulta, google maps, páxina do concello, colexio, cátering Arelas...

**Outros recursos media:** tokapp school, whatsapp (para comunicarse coas familias, o cátering e o personal do comedor tanto en mensaxes de texto como en vídeo e audio).

## G.- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO.

Como xa fomos relatando na exposición das tarefas, a implicación de toda a comunidade foi moi alta.

Contamos coa colaboración do alumnado, profesorado, familias, persoal do cátering, monitores do comedor...

## H.- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Como a nosa investigación era sobre o noso entorno máis próximo tentamos darlle a máxima difusión. A canle principal de comunicación foi o blog da biblioteca, onde se creou [unha etiqueta](#) para acceder aos traballos e novas con maior facilidade.

Aprendemos a facer comentarios no blog e logo o alumnado ensinoulle ás súas familias a facelos dende a casa. Aínda que moi timidamente, algunhas se animaron a deixarnos a súas opinións. Temos que tentar mellorar neste aspecto e dinamizar máis este fío de contacto en vindeiros proxectos.

Antes da grande exposición final tamén se fixeron outras máis cativas para compartir os nosos traballos con outros grupos que poideran beneficiarse deles.

## I.- AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

Realizamos a avaliación en dous ámbitos, por un lado as aprendizaxes acadadas polos nenos/as e por outro o proceso de ensino/aprendizaxe en sí, tanto a pertinencia das tarefas, o seu desenvolvemento e a propia actuación das mestras



implicadas. Para todo elo atendemos **á Orde do 9 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.

#### **a) Avaliación das aprendizaxes acadadas polo alumnado**

Para elo tivemos en conta, por unha banda, as **observacións** realizadas tanto durante o desenvolvemento das actividades como nos produtos das mesmas (exposicións orais, textos escritos para os boletíns informativos, elaboración de gráficas... incluso os comentarios individuais realizados no blog da biblioteca).

Por outra banda, elaboramos diferentes **escalas de observación, listas de control e rúbricas** para obter un rexistro máis exhaustivo no ámbito das competencias: lingüística, dixital, de aprender a aprender e cívico e social. **(Ver anexo)**

#### **b) Avaliación do proceso de ensino**

Unha vez finalizado o proxecto comprobamos que o grao de desenvolvemento da programación docente foi máis que satisfactorio pois traballáronse todos os contidos propostos e incluso nos mergullamos noutros que inicialmente non pensamos. A resposta do alumnado igualmente foi excepcional en todas as actividades propostas cun alto nivel de motivación e participación.

A nivel organizativo non atopamos dificultades nin no relativo ao espazo, pois tanto a aula como a biblioteca foron utilizadas indistintamente, como no relativo aos materiais. Organizámonos para ter portátiles e ordenadores suficientes para cada equipo en ámbolos dous espazos.

Con **respecto á atención á diversidade** queremos destacar que o ensino entre iguais, o alto grao de cooperación entre os integrantes de cada equipo, a posibilidade de traballo ao ritmo de cada un asumindo cada neno/a tarefas “acadables” e a participación activa coas aportacións de todos/ e cada un/unha para a realización do produto final facilitaron que aqueles nenos/as con dificultades de aprendizaxe acadaran os obxectivos ao final do proxecto. Na avaliación final comprobouse que houbo unha mellora xeral das competencias moito máis salientable que empregando outras metodoloxías como o libro de texto.

Por todo isto, o clima de traballo na aula foi excelente e a participación e interese das familias moi satisfactoria.

Durante este curso traballamos dúas mestras dentro da aula durante seis horas semanais, horas que aproveitamos para traballar no proxecto pois nos permitían desdobres, apoio a grupos ou nenos/as con maior dificultade, dinamizar actividades e xerar novas propostas de traballo. Para elo coordinámonos practicamente a diario. Igualmente buscamos momentos para a coordinación cos mestres/as implicados nas diferentes tarefas: a mestra de inglés, o titor de 5º para preparar as exposicións, os titores dos alumnos/as usuarios do comedor, o claustro en xeral para a participación en enquisas...

Tratamos de implicar a toda a comunidade educativa, dende o equipo directivo que nos facilitou medios, espazos..., os monitores do comedor, as familias dos nenos/as de todos os niveis que participaron nas enquisas, o catering (transportista, cociñeiras, persoal de administración, bromatóloga) e quedanos pendente para setembro o Concello, pois unha das conclusións do proxecto é que necesitamos instalación no colexio dun composteiro no que depositar os restos de comida do comedor.

#### **c) Avaliación da práctica docente**

Valoramos moi positivamente o feito de traballar de xeito coordinado dúas persoas dentro da mesma aula aínda que sabemos que isto non sempre é fácil debido á disparidade de criterios, metodoloxía e incluso á falta de horario para coordinarse moitas veces. Inicialmente eramos dúas mestras na aula que por fortuna non tivemos ningunha destas dificultades pero unha de nós non puido seguir ata o remate do curso. Aínda así o proxecto continuou o seu desenvolvemento coa colaboración da nova mestra substituta.

**d) Conclusión da avaliación. Propostas de mellora:**

- a. Gustaríanos unha maior participación das familias para poder contar coa súa valoración do proxecto. Os comentarios no blog e a nivel persoal dalgunhas nais/pais son a única referencia que temos. De cara a vindeiros proxectos proporemos unha avaliación máis sistematizada.
- b. En canto á elaboración de materiais ás veces atopamos algunhas dificultades que fomos salvando no momento. O ritmo de traballo na aula levounos a elaborar documentos de recollida de información con excesiva premura e sen tempo para a reflexión polo que creemos necesario dedicarlle maior atención.
- c. Algúns aspectos foron valorados simplemente a través das observacións realizadas na aula polo que nos gustaría ter a avaliación un pouco máis sistematizada.

**L .- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.**

Como xa reflexamos nos puntos anteriores, o papel da biblioteca neste proxecto foi fundamental (as mestras responsables do proxecto formamos parte do equipo de biblioteca, non podía ser doutra maneira).

**Foi centro de recursos aportando equipos** (ordenadores, proxector, pantalla, gravadoras, ipads....), **fondos** (consulta, análise de tipoloxías textuais...), un **espazo de traballo** do grupo e **de encontro e coordinación** con outros, un **espazo expositivo, medios de difusión do proxecto** (blog e sección de producións propias...) e fomentando e apoiando a **formación do profesorado**.

**OS DOCUMENTOS ANEXOS A ESTA MEMORIA ESTÁN ALOXADOS EN GOOGLE DRIVE**

<https://drive.google.com/drive/folders/0B-hXGo2jeZGWM1c1QzR0ZU1xb2c?usp=sharing>